

VOTACIÓN FAMILIAS XORNADA CONTINUA/PARTIDA

Estimadas familias:

Despois de realizar todos os trámites necesarios desde comezo de curso para a solicitude de cambio de xornada escolar, chega o momento no que as familias tedes que facer a elección sobre o tipo de xornada educativa que queredes para os vosos fillos: xornada continua ou partida.

Esta votación, será o **vindeiro xoves 18 de xaneiro, en horario de 9:30 h a 18:00 h na biblioteca escolar.**

- Teñen dereito a voto todas aquelas familias que este curso escolar 17-18 teñan aos seus fillos/ as en idades comprendidas entre os cursos de Educación Infantil de 3 anos e 6º EP, ambos inclusive.
- Lembramos que soamente pode votar un membro da unidade familiar (pai ou nai ou titor legal).

Esperamos a vosa presenza e participación, neste momento decisivo para o noso colexio.

Atentamente: A Dirección.